

NOTICIAS DENDE O COLE! IMOS FACER O ESPIGONCIÑO ENTRE TOD@S!

Bo día! Con motivo do día das Letras Galegas (17 maio), este ano editaremos a nosa revista “**O Espigonciño**” en formato dixital.

Propoñemos que cada nen@ realice un **debuxo da portada**, en tamaño folio vertical, para que o equipo de redacción seleccione unha delas. Os nen@s xa coñecen o proceso.

Como as portadas adoitan ser excelentes, publicaremos todas na galería de fotos da web do cole.

O debuxo será alusivo á celebración das Letras Galegas/libros/ bibliotecas, pero con liberdade para debuxar o que desexen.

O escritor homenaxeado é o ferrolán **Ricardo Carbalho Calero**.

Podedes enviar a imaxen do debuxo da portada por correo electrónico a [xornalescolar@gmail.com](mailto:xornalescolar@gmail.com) ante do martes **12 de maio**.

Grazas!

---

#### A APORTACIÓN DE 1º Á REVISTA

En nome da clase de 1º, contactaréi cunha ex alumna do cole que está no Xapón (Isabel Lage Pita), para que nos conte como levan alí o confinamento. De paso, preguntárolle algunhas cousas sobre vida xaponesa..

Esta rapaza é traductora, maquilladora profesional e unha excente imitadora/dobladora de personaxes de debuxos animados. Marchou ao Xapón para coñecer a súa cultura e traballa alí de Au Pair convivindo cunha familia xaponesa.

As preguntas que lle faremos deberán ser sobre cousas concretas para que lle sexa máis fácil responder. Poderían preguntarlle sobre aspectos como:

Tipo de poboación na que vive, parques/zonas verdes, vida familiar, as escolas, os xogos dos nenos xaponeses, as actividades extraescolares, o ocio, celebracións e vida social, os debuxos animados xaponeses, cancións infantís, que pensan de España... E todo o que se lles ocorra.

Podedes mandarme ao meu **whatsapp** a pregunta que queren facerlle, antes do **venres 8 de maio** (inclusive), para darlle tempo a preparar o artigo. Si varias preguntas coinciden, non pasa nada..

Por certo, boto de menos debuxos dos nen@s en xeral sobre temáticas libres... 😊

Na clase fan debuxos tódolos días. O debuxo é unha forma de expresión diaria.

Grazas por todo!! Animádevos a participar!

Apertas

